

SIBILA E A MONSTRUOSA FESTA DO SAMAÍN

Marta Lado



BAÍA EDICIÓNS

Antes de que comeces a ler esta historia teño que advertirche dunha cousa: aínda non está escrita. Non completamente. Non se sabe o que vai pasar nin como vai rematar.

Ata que ti (si, ti) comeces a observar as páxinas e darlle forma na túa cabeza, as palabras non existen nin teñen sentido ningún. Por iso pídoche que prestes moita atención ó teu maxín e a como debuxa a historia: como escolle os espazos, as cores, os olores... É unha gran responsabilidade, porque só unha vez a vas ler de primeira volta e, a partir de aí, si quedará escrita.

Se nalgún momento, durante a lectura, ves que aparecen cousas moi terroríficas como, eu que sei... filloas de sangue! Non te asustes moito, calma. Así de primeiras pode impresionar, pero asegúroche que son unha sobremesa do máis doce e paga a pena superar o medo.

Tamén é posible que se aparezan defuntos, ánimas ou outras criaturas aterradoras. Ben, diso se trata, non? Ó cabo, é a súa historia. E se es tan valente como sospeito (xa que escolliches esta aventura) has ser quen de desfrutar ese pequerrecho medo e mesmo botar unhas risas... arrepiantes!

Agora si. Comecemos polo principio...

I. A cripta

Oque moita xente non sabe das criptas é que poden ser: terriblemente espazosas!

A próxima vez que pasees polo cemiterio da túa vila pon a atención baixo os teus pés. Aí abaixo hai un montón de corredores, salóns e nichos nas paredes. Se estás en silencio e pegas a orella ó chan pode que escoites a melodía dunha caixa de música... seguro que vén da cripta de Sibila e a súa nai!

Non é raro que ás vampiras lles guste a música e que cada amencer, antes de deitarse, abran a súa caixiña para bailar un anaco. A Sibila, en realidade, gústanlle moitísimas cousas: a música, os deportes, as bicis, o verán, a praia, a pesca con mosca, o surf, as rosas silvestres e... o polo ó allo! Todas as cousas que ve nas vellas revistas e recortes que ten pegados no seu nicho. Incluído o póster do amencer na cabeceira. Por moito que isto desespere á súa nai, Sibila soña con ver

todas esas cousas e non ten medo a nada. Ben, si, a unha soa cousa: ós monstros.

Sibila é unha nena vampira intrépida que ten medo ós monstros. É pouco común, pero pode pasar! Isto fixo que ela e a súa nai tiveran que mudarse do cemiterio familiar na cidade, superpoboado de monstros, a un máis pequeniño e cómodo na aldea. Á nai de Sibila, aínda que bota de menos á familia, non lle desgustou moito deixar atrás os supostos perigos da cidade, xa que Sibila ten medo a unha soa cousa pero a súa nai ten medo a toooooo o demais. Sobre todo a dúas cousas que a aterrorizan: as alturas e o sol. Sibila non pode asomar o nariz fóra da cripta sen escoitar: «Non subas a ningún sitio! E non esquezas a crema solar! Por se acaso!».

O ambiente esta noite é o de sempre: a humidade da terra, o relaxante cheiro a mofo, os ollíños das arañas brillando de oito en oito nas súas teas... Toda a calma que se pode esperar nunha noite normal no máis alá; ou máis acá, como din aquí. Pero algo me di que a paz non será eterna...



II. Os monstros

Sibila está ollando unha das súas revistas preferidas, a que ten grandes letras na portada e fotos de rapazas moi serias, mentres imaxina que viaxa a Menorca nun iate lucindo unhas enormes lentes de sol por só 9,99 €. De repente algo ocorre... do teito da cripta cae un pouco po e escóitase o son da lousa arrastrando: Mamá volve de cazar.

Baixo o brazo trae unha nova revista, e parece que está case enteira! Sibila lánzase sobre ela e comeza a ollar o seu novo tesouro mentres se sentan á mesa a desfrutar dunha agradable cea nai e filla. Sibila está tola por saber das novidades de arriba:

—Que viches esta noite, Mamá? Había xente? Estaban espertos? O panadeiro escoitaba música? Colocaron as luces da festa como o día que...?!

—Que escapaches!

—Que me asomei!

—E sen crema solar. Cada vez que o penso...

—Pero se era noite pechada!

Mamá nunca deixa pasar a oportunidade de recordar aquel pequeno incidente de nada: o día que Sibila non puido resistir a tentación de saír un anaco a percorrer o cemiterio para ver as fotos das tumbas. Resultou que ese día había algunha xente viva facendo non sei que ritual. Polo visto só intentaban curar o mal de ollo, ou algo así, pero a nai de Sibila case *re-morre* do susto; ese día saíronlle dúas mechas brancas no pelo.

—Non me afastei, Sibila. Sabes que non podo estar moito tempo no seu mundo.

Ademais, mañá é Noite de Defuntos e dáme medo que xa empecen todos a vir adornar as tumbas coas flores.

—Mamááááááááááááá!!! —o berro de súplica fai vibrar as paredes.

—Nin o penses.

Mamá non ten intención de empezar esa conversa. Ten advertido a Sibila centos de veces sobre os humanos: «os humanos son o máis perigoso do mundo, os humanos non son coma ti, os humanos poden facerche dano...». E cada vez que o di sáelle unha cana.

Pero Sibila non cre que aquelas criaturas alegres que aparecen nas súas revistas poidan facer

dano a ninguén. Ademais, Mamá advirte sobre tantas cousas inofensivas: «coidado con correr, con tropezar, coas ratas, coas serpes, coas alturas, co lume, cos allos, co sol...». Sibila empeza a pensar que igual esaxera de máis. Falta un día para a Noite de Defuntos, iso significa que un montón de xente viva visitará o seu cemiterio. Esta vez non se vai dar por vencida:

—Nin sequera terei que ir lonxe, podó velos dende a tapia.

—No alto? Non!

—Só asomarme, para ver as candeas —Sibila intenta negociar.

—Lume? Non! —Mamá non cede.

—Pois cando marchen irei ulir as flores.

—E se che dan alerxia?

—Mamáááááááááááááááááááááá!!!

Desta vez o grito de Sibila é tan alto que o teito empeza a soltar po, un forte ruído retumba en toda a cripta, as paredes teñen pequenos desprendementos... Un momento, isto non é por causa do seu berro... O po segue caendo... e escóitase arrastrar a lousa!

—Os humanos! —Mamá está tan aterrorizada que se tira do pelo e algúns quédanlle nas mans.

Rapidamente a nai colle a Sibila, agóchaa no seu pequeno ataúde e pecha a tapa.

Desesperada, recolle pola cripta un montón de arañas para tirarllas ós humanos en canto entren; tenos visto gritar de medo moitas veces ó velas. Agóchase cos bechiños xunto a entrada para atacar por sorpresa os intrusos, pero non pode evitar que o tremelar dos seus caninos a delate.

—Mina? —Esa voz gastada e profunda entra na cripta acompañando un vulto envolto nunha capa.

—Papá? —A nai de Sibila asoma cos ollos abertos coma pratos.

Sibila, dentro do ataúde, só é quen de abrir lixeiramente unha mira para observar que pasa. Recorda levemente a cara do Avó Vladimir e o seu sorriso pícaro, pero Mamá llelle a miúdo as súas cartas. En realidade non é un monstro-monstro, só un vampiro. Ás veces bota de menos oílo contar as súas historias, aínda que sempre foran de medo! Asómase un pouco máis para ver se está só...

—Auuuuuuuuuuu!!!

—Lupo!!! —Mamá berra entusiasmada e sae do seu agocho envolta en arañas.

BLAM!

A tapa do ataúde de Sibila resoa dun golpe. Quizais podería cun avó vampiro, pero cun tío lobishome... iso si que non.

POC... POC... POC.

A cabeza da tía avoa zombi Perpetua entra rodando xusto antes ca ela.

—Recordas a túa curmá Juanita de Arequipa? —di Tía Perpetua—. Chegou a semana pasada do Perú. Saúdaa, filla! Non nos come nada, está nos ósos. Aquí as momias están máis cheiñas, filla —Juanita míraa sen opción de abrir a boca—. Vese que son cousas do clima. Ou da iuca. É moi dixestiva, a iuca. Querida Mina, que gañas tiña de verte!

«Mina»... Daquela... ese é o seu nome... Para Sibila sempre foi «Mamá» e non acorda ter oído a outros chamar por ela. Que estraño, é coma se estivera a perderse algo.

—E a miña pequena onde está? Non vés darlle un bico á túa tía? —Tía Perpetua segue a falar soa mentres percorre a sala coa cabeza na man.

Sibila non dá creto ó que está a pasar. O seu único medo está acampado no salón da súa cripta coma se tal cousa. E Mamá? Non pensa protexela desta situación? Dende dentro do ataúde

pode escoitar perfectamente o eco das súas risas aterradoras e como se gaban coas súas cousas de monstros.

—Os teus curmáns Mary e Franky mándanche saúdos —di o avó—. Non viñeron porque tiñan traballo.

—Ala! E de que? —Mamá parece encantada.

—Algo de cine. Van rodar un documental na súa mansión por non sei que duns ruídos estraños.

—Pois como se lles metan os do cine na casa, non hai quen os bote —apunta o Tío Lupo—... Ó final, hei de ter que ir expulsalos eu. Auuuuuuuuuu!

—*Tranqui*, fera! —Tía Perpetua fai burla e todos rin ás gargalladas.

Mina cae na conta de que Sibila non foi quen de asomarse dende hai un tempo e intenta manexar a situación como pode.

—Alégrame moito que esteades todos aquí, de verdade, pero sabedes que a Sibila lle costa un pouco estar con... xente. Dádelle un momento. Se se asoma estou segura de que verá que non ten de que se preocupar. Ó cabo, só sodes catro!

—Ehem, ehem. —Unha carraspeira sae do nada.

Mina decátase de que o chan está cheo de cascas de cacahuètes, na súa cara debúxase un sorriso enorme que deixa ó descuberto os seus branquísimos caninos.

—Griffin?? —di con alegría infinita ó tempo que pega un chimpo.

Sibila nunca escoitara así a voz de Mamá. Non pode resistir asomarse un pouco e ver que pasa. Mamá está dando voltas no aire abrazada a... ninguén? Sibila non entende nada.

—Serás malvado! —segue sorrindo Mamá—. Mira que esconderte da túa tía favorita... Sibila, por favor, sae! É o teu curmán Griffin!

—Non o vexo —atrévase a dicir Sibila dende dentro.

—Porque é invisible, parviña —di Mamá.

—Ou porque tes o ataúde pechado! —Tía Perpetua é unha lareta.

—Veña, veña —o Avó Vladimir intenta botar unha man—. Eu creo que é hora de que contemos a que viñemos e deixemos a Sibila tranquila.